



## MISA CON NENOS

27 de OUTUBRO de 2019

T. ORDINARIO - 30º - C

Lucas 18, 9-14: "O publicano baixou á súa casa xustificado, e o fariseo, non".

**Mensaxe: O Deus que descende e se fai pequeno só é atopado polos humildes.**



### 1. ACOLLIDA

-Irmáns e irmás: Amigos: volvémonos reunir neste domingo 30 do tempo ordinario para escoitar a Palabra de Deus e partir o pan da Eucaristía. E facémolo sempre desde a humildade, sendo conscientes das nosas limitacións e da grandeza de Deus e do amor que nos dá. As lecturas fálannos de ser humildes e sinxelos. (*Poden saír nenos con carteis co debuxo de Fano da dereita e o texto "O Deus que descende e se fai pequeno só é atopado polos humildes"*).

**-No nome do Pai... O Deus que descende e se fai pequeno e que só é atopado polos humildes sexa convosco.**

### 2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

Coa actitude humilde do que necesita de Deus, poñámonos diante del e recoñezámonos pecadores.

*-Ti, defensor dos pobres. Señor, ten piedade de nós.*

*-Ti refuxio dos débiles e esperanza dos pecadores. Cristo, ten piedade de nós.*

*-Ti, que nos perdoas cando cremos que o facemos todo perfecto e xa non necesitamos dos demais. Señor, ten piedade de nós.*

### 3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

O libro do Eclesiástico recórdanos que Deus sempre oe os choros dos que o pasan mal e faille xustiza. No evanxeo preséntallenos a dous personaxes: un que cre que só el é bo e non necesita de Deus nin de ninguén, por iso aos pés do altar pon o seu orgullo; o outro é unha persoa humilde que se ve como cheo de pecados e por iso reza a Deus con confianza e humildade poñendo aos pés do altar a súa vida de pecado e o seu corazón convertido.



### 4. PETICIÓNS

*Xesús, cando necesitaba atoparse co Pai, retirábase á oración; tamén nós, que necesitamos de Deus, presentámoslle as nosas preocupacións, dicindo: -Señor, ensínanos a orar.*

- 1.- Para que os que formamos a Igrexa recuperemos a necesidade da oración e atopemos nela a fortaleza da nosa fe. **Oremos.**
- 2.- Para que a nosa comunidade parroquial ore con insistencia, confiando que Deus sempre nos escoita e concédenos o que máis nos convén. **Oremos.**
- 3.- Para que cada domingo acudamos a celebrar a Eucaristía en familia e participemos con toda atención. **Oremos.**
4. Para que nos convenzamos de que non basta con rezar cando algo podemos realizar nós para construír un mundo mellor. **Oremos.**
- 5.- Para que a nosa oración sexa humilde, confiada, sen cansarnos e aceptando a vontade de Deus. **Oremos.**
- 6.- Para que aprendamos a ser humildes, sen desprezar a ninguén nin mirar por encima do ombreiro. **Oremos.**
- 7.- Por todos os nenos de catequese, catequistas e Pais de familia, para que todos tomemos en serio a nosa responsabilidade de ser educadores e testemuñas da fe. **Oremos.**
- 8.- Polos misioneiros para que Deus enchalles de forza e por todos nós para que vivamos como bautizados, anunciando a alegría do evanxeo. **Oremos.**



*Escoita Señor nosas súplicas, xunto con nosa loanza e a nosa acción de grazas. Por XCNS.*

## 5. OFRENDAS

**UN POCO DE TERRA NUNHA CAIXA:** A terra recórdanos que temos que ser humildes, rebaixándonos, poñéndonos á altura dos outros, nunca por encima. Así seremos grandes de corazón e seremos escoitados por Deus.

**PAQUETE DE ALGODÓN:** Con este paquete de algodón, queremos representar a virtude da humildade. Sexamos suaves no trato co Señor e, ademais, delicados nas nosas relacións cos que nos rodean.

**BÓLA DO MUNDO:** Ao finalizar este mes extraordinario misionero, recordando aos nosos misioneiros, traemos ata o altar esta bóla do mundo. Que o Espírito Santo siga chamando a moitos homes e mulleres a ir aos países de misión e que todos nos sintamos bautizados e enviados.


## 6. VIDEOS de ORDINARIO 30-C: O FARISEO E O PUBLICANO

- O fariseo e o publicano, Valiván: <https://www.youtube.com/watch?v=6gbdss2Kc-s>  
\*letra e acordes: <http://valivan.com/letras-y-acordes-canciones-valivan/>
- Parábola do fariseo e o publicano (Lucas 19: 9-14), película: <https://www.youtube.com/watch?v=oK9R7XNww8k>
- O fariseo e o publicano, película: <https://www.youtube.com/watch?v=63bD5ac0rQ8>
- O fariseo e o publicano, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=g-GgH1YXqJs>
- O fariseo e o publicano, debuxos: <https://www.youtube.com/watch?v=IHqamPZX2OM>
- O fariseo e o publicano, canción de Rafael Moreno: <https://www.youtube.com/watch?v=SyOfyweSJRE>
- O fariseo e o publicano, canción de Javier Brú: <https://www.youtube.com/watch?v=Pf8iXUS1As8>
- Tomar partido, VD 2019, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=nTw7e1r3RMw>
- O exame para Deus, VD 2013: <https://www.youtube.com/watch?v=MIM38L6vdUo>
- En equipo, VD 2016, reflexión: <https://www.youtube.com/watch?v=0Jx-mBD0Wdk>
- O fariseo e o publicano, representación: <https://www.youtube.com/watch?v=AsUXU51ZaD8>
- Parábola do fariseo e o publicano, versión actual: <https://www.youtube.com/watch?v=ejWs8WDnsfk>



## 7. SUXESTIÓNS:

- Explicade o **debuxo de Fano** deste domingo: A Deus non lle busquemos nas minchas. Para ser humildes hai que recoñecerlle pobre e humilde ao noso lado, porque sendo Deus fíxose home, descende á terra e faise pequeno para que só os humildes o recoñezan.
- Representemos o evanxeo** de hoxe: <https://www.youtube.com/watch?v=AsUXU51ZaD8>
- Agradece a Xesús** o seu exemplo: “sendo rico fíxose pobre”.
- Para explicar o evanxeo poderíase poñer o exemplo da humildade do papa Francisco lavando os pés aos presos ou de Nadal, todo un ídolo sinxelo e humilde onde os haxa.
- Recorda que necesitas os teus Pais**, avós, profes, catequistas, sacerdotes, compañeiros de xogo... Acolle ao que che pregunte “podo xogar”... Sé humilde.
- Poderíase orientar a **homilía cara aos misioneiros**, neste último domingo do mes misionero extraordinario convocado polo Papa falando de aprender da humildade dos misioneiros. O Evanxeo fálanos de ser humildes e pequenos, para atopar ao Neno que nos salva. Sinxeleza, humildade, entrega, doazón... palabras que son parte do traxe dos nosos misioneiros, que “saen da súa terra” para “des-posuírse”, para que outros se “apropien” da súa vida e das súas capacidades. O Deus que descende e se fai pequeno só é atopado polos humildes. O noso recordo, a nosa oración agradecida por todos os misioneiros, xeradores dun mundo novo. ¡Grazas!
- Continuando con esta idea podemos **cantar e representar** o himno do mes extraordinario: <https://www.youtube.com/watch?v=JKX3fQEovNg>
- Podemos facer un momento de oración tras ler o evanxeo e reflexionar este **texto do Christus Vivit 115**: “Para El realmente es valioso, non es insignificante, impórtaslle, porque es obra das súas mans. Por iso préstache atención e recórdache con agarimo. Tes que confiar no «recordo de Deus: a súa memoria non é un “disco duro” que rexistra e almacena todos os nosos datos, a súa memoria é un corazón tenro de compaixón, que se alegra eliminando definitivamente calquera vestixio do mal». Non quere levar a conta dos teus erros e, en todo caso, axudarache a aprender algo tamén das túas caídas. Porque te ama. Intenta quedar un momento en silencio deixándote amar por El. Intenta acalar todas as voces e gritos interiores e queda un instante nos seus brazos de amor”.



Para ser grande tienes que aprender a ser pequeño  
La humildad es la base de toda verdadera grandeza

